

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Psicoloxía promove un encontro sobre a práctica no embarazo, o parto e o posparto

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2017 - Mañá mércores, 25 de outubro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia acolle unha conferencia sobre a psicoloxía perinatal, que se ocupa dos aspectos psicoafectivos que se dan durante o embarazo, o parto e o posparto. A conferencia comezará ás 18 horas e desenvolverase no salón de actos da sede do COPG, en Santiago de Compostela, e será impartida por Natalia Guedella Sebastián, psicóloga educativa certificada en Saúde Mental Perinatal..

A psicoloxía perinatal trata temas relacionados con trastornos emocionais durante o embarazo, as perdas xestacionais ou perinatais, o vínculo temperán, a violencia obstétrica, a depresión posparto, a prematuridade, os cambios relacionados coa paternidade, a lactancia, etc. Trátase dun período no que adoita prestárselle especial atención aos coidados físicos, pero diversos estudos sinalan a súa incidencia na saúde física e tamén psicoemocional das mulleres, dos bebés e do funcionamento adaptativo dentro do ámbito familiar.

Os trastornos da saúde psicolóxica están presentes nunha de cada cinco mulleres durante o período perinatal. Entre os devanditos trastornos son máis frecuentes a depresión, os trastornos de ansiedade, a psicose postparto e o trastorno por tensión postraumática. Malia a estas elevadas cifras, apenas existen tanto programas de prevención primaria e secundaria sistemáticos destes trastornos como profesionais especializados e especializadas en atención á saúde psicolóxica perinatal da nai no sistema sanitario.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:

981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal